



Concello de Xove

Expediente núm.: 335/2026

Procedemento: CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

Documento asinado por: A BIBLIOTECARIA MUNICIPAL

Dando cumprimento á Providencia de Alcaldía obrante no expediente e consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, no que sexa de aplicación, o RD 887/2006, de 21 de xullo; a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na que se inclúen as Bases Reguladoras da presente convocatoria; e o observado no Plan Estratégico de Subvencións aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 30 de xullo de 2025 (B.O.P. núm. 179 de 6 de agosto de 2025); e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Día das Letras Galegas, fórmulase a seguinte:

PROPOSTA DE CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

PRIMEIRA.- DEFINIÇÃO DO OXECTO

Os premios do concurso do Día das Letras Galegas organizado polo Concello de Xove teñen por obxecto incentivar a participación cidadá, en particular dos escolares de Xove, na programación prevista para o Día das Letras Galegas 2026.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde 4º de Infantil ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto.

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto co/s traballo/os a concursar na Biblioteca Municipal con data límite o 9 de maio de 2026.

TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DOS TRABALLOS

Todos os traballos deberán estar realizados obrigatoriamente en galego.

Os traballos deberán presentarse en folios tamaño A4 por unha soa cara e non poderán ocupar máis de dous folios.

Calquera alumno/a poderá participar na súa categoría correspondente, cun ou máis traballos. No entanto, cada participante non poderá recibir máis dun premio.

O traballo non incluírá ningún dato persoal do/a concursante.



Concello de Xove

A. Concurso Literario para nenos e nenas, rapaces e rapazas dende 1º de Primaria ata 4º da ESO:

-Realizar unha poesía, un conto ou unha redacción relacionado/a coa lingua galega ou coa vida e/ou obra de Begoña Caamaño.

B. Concurso de debuxo para os nenos e nenas de Infantil:

-Realizar un debuxo relacionado coa lingua galega ou coa vida e/ou obra de Begoña Caamaño.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto polo menos por tres membros, seleccionados pola organización do concurso de entre os representantes das asociacións culturais, deportivas ou de outra índole, que consten inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, ou membros da comunidade educativa do CEIP ou do IES.

Actuará como Secretaria do Xurado a Bibliotecaria Municipal, con voz e sen voto.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 450 euros € (partida 334.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

SEXTA.- PREMIOS

Haberá cinco categorías: 4º, 5º e 6º de Infantil; 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de libros ou material escolar valorados en 30 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Caso de que a contía dos premios concedidos fose inferior ao crédito autorizado, procederase á anulación do saldo autorizado restante debendo facerse constar este extremo no informe-proposta emitido polo órgano xestor.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o prazo de entrega de traballos, o xurado reunirse e



Concello de Xove

levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta pola Bibliotecaria Municipal, que se elevará ao Alcalde-Presidente, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

OCTAVA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Porén, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigatorio subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

A Bibliotecaria Municipal,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE